



COSTA DE NARÓN (RÍA) Da Ponte de Xuvia á Gándara



Adela Leiro, Mon Daporta
marzo 2019

Distancia: 8 km (lineal)

Dificultade: baixa



Río Grande de Xuvia. Nace nos montes de Serra en terras das Somozas e, despois de 31 km, desemboca na Ría do Ferrol, entre Narón (Xuvia) e Neda.

O litoral do concello de Narón ten dúas partes separadas e de características contrarias: un tramo de case 5 km na costa exterior, na Costa Ártabra, exposto, con cantís de máis de 50 m de altura, que superan en varios puntos os 100 m, e de difícil acceso; e o outro duns 7 km no fondo da ría de Ferrol, na marxe dereita do esteiro do río Grande de Xuvia, recollido, con cantís de xistos de ata 10 m de altura, coas partes baixas de cascallo e lama, e tramos alterados por recheos na área urbana. Tanto un coma o outro están mal comunicados por atoparse afastados de áreas habitadas, a non ser na contorna de Xuvia e no polígono da Gándara.

As principais actividades son a industria e os servizos. Conserva importantes restos etnográficos (muíño de vento, muíño de marea, muíños hidráulicos) e histórico-artísticos (igreja de San Martiño).

A costa exterior está protexida no LIC "Costa Ártabra".



RÍA DE FERROL

Está limitada polo cabo Prioriño no norte e a punta da Coitelada no sur. Acada 17 km de lonxitude e 2 km de largor medio. É unha ría con dúas partes ben definidas: unha canle de entrada estreita coas beiras escarpadas e un interior amplo con varias enseadas. Na parte interior ten unha gran acumulación de sedimentos lamacentos. O río principal que a alimenta é o Grande de Xuvia. Tamén desembocan nela o río Beellelle e outros pequenos regos.

As rochas dominantes son granitos na zona da boca e xistos no interior. É unha ría dunha grande riqueza biolóxica que está densamente poboada

PERCORRIDO

A costa interior de Narón (na ría de Ferrol) pódese percorrer polos espazos acondicionados nas contornas de Xuvia, desde a ponte da desembocadura do río Grande ata a ponte da autoestrada (3,5 km), e do polígono da Gándara (1,5 km) que logo se unen por camiños e carreiros que non se alonxan demasiado da costa e seguen a vía do tren.



Paseo marítimo de Xuvia



Muíño na desembocadura do río Xuvia



Desembocadura do río Xuvia



Paseo marítimo de Xuvia e ponte peonil que o une con Neda



Esteiro dos regos de Santa Icia



Acea de Xuvia. Muíño de mareas construído a finais do século XVIII. Foi nomeado Real Fábrica por Carlos IV e funcionou como muíño industrial ata 1970.



Punta Outeiro (ao fondo)

Punta de San Martiño



A Oliveira



Praias do Vilar



Ancoradouro de Lóngara



Punta Caleira.



Enseada da Gándara